

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### XEFATURA DO ESTADO

**16726** *Lei 10/2009, do 20 de outubro, de creación de órganos consultivos do Estado no ámbito agroalimentario e de determinación das bases de representación das organizacións profesionais agrarias.*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

#### PREÁMBULO

A disposición transitoria única, número 2, da Lei 18/2005, do 30 de setembro, pola que se derroga a Lei 23/1986, do 24 de decembro, pola que se establecen as bases do réxime xurídico das cámaras agrarias, contén un mandato ao Goberno para que remita ás Cortes Xerais un proxecto de lei en que se estableza un novo sistema para a determinación da representatividade das organizacións profesionais agrarias no ámbito estatal.

Para estes efectos, esta lei crea dous órganos consultivos coa finalidade de procurar a gobernanza dos asuntos agroalimentarios e rurais, enmarcándoos nun escenario guiado pola calidade e a salubridade dos alimentos: un Consello Agroalimentario do Estado para debater as grandes orientacións da política agraria e alimentaria desde unha perspectiva integral e cunha visión ampla das interrelacións que se producen dentro do sector agroalimentario e as súas múltiples dimensións económicas, políticas e socioculturais, e un Comité Asesor Agrario en que se traten, coas organizacións profesionais agrarias, asuntos xerais relacionados coa agricultura en canto que sector produtivo e cos intereses do mundo rural.

A lei aborda tamén o establecemento dun conxunto de criterios obxectivos e comunmente aceptados para medir a representatividade no ámbito das competencias da Administración xeral do Estado das organizacións profesionais agrarias de carácter xeral, entendendo como tales aquelas que abranguen a defensa de todos os intereses agrarios sen ningunha limitación por sectores produtivos ou características persoais dos correspondentes profesionais. Este requisito é esencial para a constitución dos órganos consultivos e debe dispor de suficiente lexitimidade social para ser aceptado polas organizacións profesionais agrarias e permitir a estas servir con eficiencia á función de intermediación e interlocución cos poderes públicos.

Establécense os principios básicos ou criterios xerais de medición da representatividade. Valórase como primeiro criterio para que a Administración xeral do Estado lles recoñeza ás organizacións profesionais agrarias a condición de máis representativas que nos procesos electorais regulados polas comunidades autónomas para a súa participación en órganos consultivos cumpran coa porcentaxe mínima de voto electoral que se establece na propia lei.

Por outra parte, tendo en conta que as asociacións máis representativas do cooperativismo agrario de ámbito estatal van participar no Consello Agroalimentario do Estado, incorpórase unha disposición derradeira que modifica o parágrafo primeiro do artigo 33 da Lei 27/1999, do 16 de xullo, de cooperativas, para eliminar a restrición que actualmente existe de que os consellos reitores non poidan ter máis de 15 conselleiros, posibilitando desta forma que nas asociacións de cooperativismo agrario poida existir, polo menos, un conselleiro por cada asociación de cooperativas de cada comunidade autónoma.

**Artigo 1. *Obxecto.***

O obxecto desta lei é a creación de órganos consultivos do Estado no ámbito agroalimentario e agrario; para este efecto establécense os criterios que permitan determinar a representatividade das organizacións profesionais agrarias no ámbito das competencias da Administración xeral do Estado.

**Artigo 2. *Consello Agroalimentario do Estado.***

1. Adscrito ao Ministerio de Medio Ambiente e Medio Rural e Mariño créase, como órgano consultivo, o Consello Agroalimentario do Estado coa finalidade de asesorar a Administración xeral do Estado na determinación das orientacións xerais da política agroalimentaria.

2. O Consello estará presidido polo titular do Ministerio de Medio Ambiente e Medio Rural e Mariño, que poderá delegar no secretario de Estado de Medio Rural e Auga, e integrado, de forma paritaria, pola Administración xeral do Estado e por representantes das organizacións profesionais agrarias de carácter xeral máis representativas a nivel estatal, das asociacións máis representativas do cooperativismo agrario e da industria agroalimentaria con maior implantación no ámbito do Estado, así como das organizacións sindicais máis representativas, de acordo co disposto nos artigos 6 e 7 da Lei orgánica 11/1985, do 2 de agosto, de liberdade sindical e das organizacións empresariais máis representativas, de acordo co establecido na disposición adicional sexta do texto refundido do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto legislativo, 1/1995, do 24 de marzo.

3. Poderanse incorporar ao Consello organizacións de ámbito estatal representativas doutros intereses e sempre que se traten temas que se refiran especificamente ao seu ámbito de actuación sectorial, na forma e condicións que regulamentariamente se establezan.

4. Regulamentariamente fixaranse a composición e as funcións do Consello, que, entre outras, serán as seguintes:

- a) Emitir informe sobre todos aqueles asuntos específicos en materia agroalimentaria que sexan sometidos á súa consideración.
- b) Asesorar a Administración xeral do Estado na definición dos obxectivos da política agroalimentaria.
- c) Formular recomendacións para a mellora da competitividade dos produtos agroalimentarios.
- d) Propor medidas para a promoción de políticas de calidade no sector agroalimentario español.

**Artigo 3. *Comité Asesor Agrario.***

1. Adscrito ao Ministerio de Medio Ambiente e Medio Rural e Mariño créase, como órgano consultivo, o Comité Asesor Agrario. O Comité estará presidido polo titular do Ministerio de Medio Ambiente e Medio Rural e Mariño, que poderá delegar no secretario de Estado de Medio Rural e Auga, e formarán parte del as organizacións profesionais agrarias de carácter xeral máis representativas a nivel estatal, coa finalidade de asesorar a Administración xeral do Estado respecto de cuestións relacionadas co interese xeral agrario e rural.

2. Poderanse incorporar ao Comité outras organizacións representativas dos intereses en materia agraria e rural, na forma e condicións que regulamentariamente se establezan.

3. Regulamentariamente fixaranse a composición e as funcións do Comité, que, entre outras, serán as seguintes:

- a) Emitir informe sobre todos aqueles asuntos específicos en materia agraria que sexan sometidos á súa consideración.

b) Efectuar as suxestións que se consideren convenientes con respecto a aquelas políticas que poidan afectar as condicións socioeconómicas da actividade agraria.

c) Emitir informe sobre a evolución da situación social e económica do sector agrario.

d) Formular recomendacións para a adopción daquelas medidas que se consideren necesarias para a mellora da calidade de vida do sector agrario.

#### Artigo 4. *Criterios de representatividade.*

1. As organizacións profesionais agrarias que alcancen a consideración de máis representativas de acordo co disposto nesta lei terán recoñecida a representación institucional ante a Administración xeral do Estado e outras entidades e organismos de carácter público dependentes dela.

2. Considerarase para tales efectos como máis representativa a organización profesional agraria de carácter xeral que acredite, no momento de presentar a súa solicitude para este recoñecemento, polo menos un 15 por 100 dos votos electorais no conxunto dos procesos electorais realizados polas comunidades autónomas para a súa participación en órganos e entidades consultivos autonómicos, e que teña concorrido, como mínimo, a procesos electorais de nove comunidades autónomas.

Para os efectos desta lei entenderase por elector as persoas físicas que están afiliadas á Seguraza Social por conta propia como consecuencia das súas actividades agrarias e as persoas xurídicas que teñan por obxecto exclusivo conforme os seus estatutos, e que efectivamente a exerzan, a actividade agraria.

3. As organizacións profesionais agrarias que non alcancen a consideración de máis representativas pola modalidade establecida no número 2 deste artigo, obterán esta consideración cando estean recoñecidas como tales en, polo menos, dez comunidades autónomas.

#### Artigo 5. *Ponderación da representatividade.*

A participación no Comité Asesor Agrario creado por esta lei e a súa correspondente dotación e recursos serán distribuídos de forma proporcional aos seus niveis de representación de acordo cos resultados obtidos nos respectivos procesos electorais para as entidades recoñecidas como máis representativas no suposto establecido no número 2 do artigo 4.

#### Artigo 6. *Avaliación periódica da representatividade.*

A Administración xeral do Estado efectuará, cada cinco anos, unha nova avaliación da representatividade recoñecida ás organizacións profesionais agrarias polos procedementos establecidos nesta lei. En calquera momento deste período de tempo, a Administración xeral do Estado recoñecerá como máis representativas aquelas organizacións profesionais agrarias que reúnan os requisitos establecidos no artigo 4.

#### Artigo 7. *Representación institucional.*

As organizacións profesionais agrarias de carácter xeral ás cales de acordo cos criterios desta lei se recoñeza a condición de máis representativas, desenvolverán funcións de representación institucional ante a Administración xeral do Estado e entidades e organismos dependentes desta.

Disposición derradeira primeira. *Modificación da Lei 27/1999, do 16 de xullo, de cooperativas.*

O primeiro parágrafo do artigo 33 da Lei 27/1999, do 16 de xullo, de cooperativas, queda redactado como segue:

«Os estatutos establecerán a composición do consello reitor. O número de conselleiros non poderá ser inferior a tres, e deberá existir, en todo caso, un

presidente, un vicepresidente e un secretario. Cando a cooperativa teña tres socios, o consello reitor estará formado por dous membros e non existirá o cargo de vicepresidente.»

Disposición derradeira segunda. *Facultades de desenvolvemento.*

Autorízase o Goberno para ditar as disposicións necesarias en desenvolvemento desta lei.

Disposición derradeira terceira. *Modificación da Lei 45/2007, do 13 de decembro, para o desenvolvemento sustentable rural.*

O parágrafo primeiro do número 3 do artigo 16 da Lei 45/2007, do 13 de decembro, para o desenvolvemento sustentable do medio rural, queda redactado como segue:

«Para os efectos do previsto neste artigo, entenderase por profesional da agricultura a persoa física titular dunha explotación agrícola, gandeira ou forestal que requira un volume de emprego de polo menos media unidade de traballo agrario e que obteña, polo menos, o 25 por cento da súa renda de actividades agrarias ou complementarias.

Así mesmo, presumirase o carácter de profesional da agricultura ao titular dunha explotación agrícola, gandeira ou forestal dado de alta no sistema especial para traballadores por conta propia agrarios do réxime especial dos traballadores por conta propia ou autónomos, así como os encadrados no dito réxime pola súa actividade agraria.»

Disposición derradeira cuarta. *Modificación da Lei 19/1995, do 4 de xullo, de modernización das explotacións agrarias.*

O parágrafo primeiro do número 5 do artigo 2, queda redactado como segue:

«Agricultor profesional, a persoa física que sendo titular dunha explotación agraria, obteña polo menos o 50 por cento da súa renda total de actividades agrarias ou outras actividades complementarias, sempre e cando a parte de renda procedente directamente da actividade agraria non sexa inferior ao 25 por cento da súa renda total e o volume de emprego dedicado a actividades agrarias ou complementarias sexa igual ou superior á metade dunha unidade de traballo agrario.»

Disposición derradeira quinta. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,  
Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumbran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 20 de outubro de 2009.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,  
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO